

CAMPAÑA 2026

TUTORIAL DE NAVEGACIÓN DE AUDITORÍA/BALANCE SOCIAL

Comisión de Balances e Auditorías Sociais de REAS Red



TUTORIAL PARA FACER A AUDITORÍA/BALANCE SOCIAL

Comisión de Balances e Auditorías Sociais de REAS Red

Campaña 2026


Pasos para facer a Auditoría/Balance Social:

1. Acceder á ferramenta informática
2. Rexistrarse (se aínda non tes usuaria)
3. Empezar a completar datos da Auditoría/
Balance Social
4. Cerrar, rematar o cuestionario
5. Validacións e obtención dos documentos de
resultados e as infografías

1. Acceder á ferramenta informática

Para todos os territorios, as URL de acceso son estas:


- <https://ensenaelcor.org>
- <https://ensenaelcorazon.org/>
- <https://bihotzaerakutsi.org/>
- <https://ensinaocorazon.org/>



Para entrar é preciso introducir o correo electrónico de rexistro á plataforma e o contrasinal. Se non lembrás cal é o contrasinal ou entras por primeira vez, tes que pulsar o botón «Recuperar contrasinal».

Isto abrirá unha caixa de diálogo como se mostra embaixo. Indica o correo electrónico, se pos un correo-e incorrecto a mesma aplicación avisarate. Se non lembrás que enderezo de correo-e é o que está rexistrado, podes escribirnos a ensenaelcorazon@reas.red e comunicámoscho.

Unha vez solicitas a recuperación do contrasinal, recibirás un correo-e cunha ligazón externa para restablecer o contrasinal.



2. Rexistrarse (se aínda non tes usuaria)


Para rexistrarse por primeira vez, pulsamos no botón «Crear Conta». Se o tamaño da pantalla é moi pequeno, podes ter problemas de visualización, recomendamos que fagas unha redución de pantalla pulsando «Control –».

Desprégase a seguinte pantalla, onde tes que completar os datos que están sinalados con asterisco (*). Lembra que é importante subir un logo de boa calidade que será utilizado nos documentos que xerará a páxina.



Como podes ver embaixo, o formulario de rexistro pide algúns datos básicos da organización. Son especialmente importantes dous aspectos:

- Método de medición de impacto: aparecen os módulos que a entidade pode escoller en función da Comunidade Autónoma á que pertence e, nalgúns casos, a forma xurídica. Ao seleccionar un método, envía automaticamente a petición de acceso á rede territorial que o xestiona.



Método de medición de impacto

[Empty dropdown menu]

- Quero facer públicos os resultados: aceptando esta condición significa que permitides á comisión de Balances e Auditorías Sociais de REAS Red de Redes facer pública a vosa infografía individual de Balance Social, especificamente na páxina de [Mercado social](#).




Permitir que las infografías sean públicas

Unha vez enviada a solicitude, a rede territorial correspondente aceptará o rexistro e recibirás un correo-e cunha ligazón para xerar o contrasinal. Xa está todo listo para acceder á vosa área de xestión.

3. Empezar a completar datos da Auditoría/Balance Social

Na páxina de inicio verás un apartado onde podes consultar os vosos datos de contacto e modificalos. Ademais, atoparás a Auditoría/Balance Social da rede á que pertencedes.



É importante que prestes atención á información do apartado, posto que é a que sairá no catálogo de Mercado Social estatal, especialmente:

- Logo.
- Descripción.
- Provincia/Comarca/Poboación.
- Sector/subsector

Na marxe superior dereita, podes clicar e acceder a unha pantalla onde podes modificar o perfil e cambiar o contrasinal.

Para acceder a cumplimentar a auditoría/balance social, debes clicar no botón de “ir ao balance”



Balance Social Básico - 2026

1%

Habéis completado el 1% de la Auditoría Social.
Recuerda que con los datos aportados, mejoramos todas.

Resumen por sección

Sección	Estado
0	Completadas
2	En progreso
4	Por hacer


- Datos generales
- Economía y reparto justo de la riqueza
- Equidad y democracia
- Sostenibilidad ecológica
- Cooperación y compromiso con el entorno
- Trabajo digno

[Ir al balance →](#) [Enviar cuestionarios Externos](#)

A Auditoría/Balance social está composta por 6 grandes bloques de información:

- Datos Xerais
- Economía e política de lucro
- Equidade e democracia
- Sostibilidade ambiental
- Cooperación e compromiso coa contorna
- Traballo

Na marxe esquerda, verás os bloques e podes ir navegando por eles clicando nas caixiñas. É importante que respondas ás preguntas na orde que teñen os bloques, xa que hai preguntas dos bloques seguintes segundo os datos indicados na pestana de datos xerais.



Show your heart ES

Datos generales

Sector de actividad

Indicad el CNAE de la actividad principal (si es posible, a 4 cifras) No aplicable

Indicad el CNAE de la actividad secundaria, si aplica (si es posible, a 4 cifras) No aplicable

Miembros de la organización

Número de personas socias no trabajadoras (pueden ser socias de todo tipo)

Mujeres Hombres No binarias número

Á beira de todas as preguntas, atoparás un botón de información para facilitar a recollida de datos. Ao pulsalo, abrírase unha fiestra de axuda que explica que datos se piden e onde se poden encontrar (esta información tamén está dispoñible na Guía de Preguntas, a cal podes solicitar aquí: enseaelcorazon@reas.red). Se xa tedes feito a Auditoría/ Balance Social en exercicios anteriores, no campo de entrada de datos para cada indicador, aparecerá en gris o dato posto o ano anterior. Deste modo, tedes unha referencia e podedes facer unha primeira avaliación de evolución.

Ao final de cada bloque está o botón para «Gardar» a información achegada. Non fai falta que rematar un bloque para gardar, de forma que se pode saír e entrar cando se queira, quedando gardada a información que se teña posto.

4. Cerrar, rematar o cuestionario

Na páxina de inicio podes encontrar o avance da Auditoria/balance social. Podes ver o resumo da sección, cantas están completadas, en proceso e por facer. Ademais de visualizar a través dunha barra de progreso a porcentaxe de preguntas completadas.



Balance Social Básico - 2026

5%

Habéis completado el 5% de la Auditoria Social.
Recuerda que con los datos aportados, mejoramos todas.


Resumen por sección

Estado	Cantidad
Completadas	0
En progreso	2
Por hacer	4

- Datos generales
- Economía y reparto justo de la riqueza
- Equidad y democracia
- Sostenibilidad ecológica
- Cooperación y compromiso con el entorno
- Trabajo digno

[Ir al balance →](#) [Enviar cuestionarios Externos](#)

Unha vez estean todas as preguntas contestadas e a validación sexa correcta, podes mandar os vosos datos á rede á que pertencedes pulsando o botón de enviar na marxen inferior esquerda.




[Guardar](#) [Enviar](#)

Ao realizar esta acción xa non será posible acceder a editar os datos e a vosa rede procederá a validar os datos introducidos. Se houber algunha consulta sobre os datos introducidos, a rede poríase en contacto convosco.

5. Validacións e obtención dos documentos de resultados e as infografías

Cando unha auditoría/balance está cerrada, non se obteñen automaticamente os documentos de resultados nin a infografía porque, primeiro, facemos as correspondentes validacións dos datos. Ao finalizar as validacións, informámosvos por correo electrónico e, despois xa estará dispoñibles os documentos coas respostas e resultados na sección DOCUMENTOS, na parte superior da páxina.



Para máis información:
enseaelcorazon@reas.red
<https://reas.red/auditoria-balance-social/>
<https://www.mercadosocial.net/>

Grazas polo teu
compromiso e
transparencia.
Así, facemos
visible esta
economía máis
social, sostible e
solidaria.

*reas